

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE XULLO DE 2022**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTEN:**

D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezanove de xullo do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. Concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 12 DE XULLO DE 2022 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 13 DE XULLO DE 2022**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión ordinaria celebrada en data 12 de xullo de 2022 e da sesión extraordinaria e urxente celebrada en data 13 de xullo de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria realizada en data 12 de xullo de 2022 e da sesión extraordinaria e urxente realizada en data 13 de xullo de 2022.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

Non se dá conta de ningún.

## **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 8 ao 14 de xullo do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1254/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1305/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1254/2022	08-07-2022	Comparecencia Xulgado Contencioso-Administrativo nº3 da Coruña
1255/2022	08-07-2022	Celebración voda civil o día 30 de xullo de 2022 ás 13 h
1256/2022	08-07-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de xullo de 2022
1257/2022	08-07-2022	Aprobación de estruturas móbiles para o proxecto Temple Jazz 2022
1258/2022	11-07-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 20.202,96 euros
1259/2022	11-07-2022	CM a Antonio Rodríguez Arenas (Mircromina Teatro de Títeres). Actividade de animación á lectura "Raio the Loubican, metade lobo metade can"   Programa LER CONTA MOITO
1260/2022	11-07-2022	CM a Pablo Andrés Díaz Carro (Pablo Díaz). Actividade de animación á lectura "Cantacontos para bebés". Programa LER CONTA MOITO
1261/2022	11-07-2022	CM actividade "Escape room na biblioteca" / Programa LER CONTA MOITO
1262/2022	11-07-2022	CM a Francisco Amil Serantes. Actividade de animación á lectura "Contos de Chuches Amil" 06/10/2022, 17.30 h, Biblioteca Municipal Os Templarios. Programa LER CONTA MOITO
1263/2022	11-07-2022	CM a Raquel García Rodríguez (Raquel Queizás). Actividade de animación á lectura "Cinema Marabillas. Ver para ler". Programa LER CONTA MOITO
1264/2022	11-07-2022 10:56	CM a Héctor García (Mago Teto). Actividade de animación á lectura "4500 Anos da increíble historia da maxia (Parte 1 e 2)" Programa LER CONTA MOITO
1265/2022	11-07-2022	CM a Felipe Díaz Valle (Caxoto, A Trastenda dos Contos). Actividade de animación á lectura "Miña casa, meu lar (contos ambientais)". Programa LER CONTA MOITO
1266/2022	11-07-2022	CM a Pablo Sánchez Pérez. Actividade de animación á lectura "O paroleiro" Programa LER CONTA MOITO
1267/2022	11-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1268/2022	11-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1269/2022	11-07-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a M.C.D.F. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1270/2022	11-07-2022	CM a Yolanda Castaño Pereira. Actividade de animación á lectura "Muller, poeta, en galego e... Polo mundo!". Programa LER CONTA MOITO
1271/2022	11-07-2022	Designación de instrutora do expediente de honores co fin de designar a Biblioteca Central de Cambre co nome de "María Pita"
1272/2022	11-07-2022	Aprobación de despesas, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 316,73 euros.
1273/2022	11-07-2022	Modificación Bases SON DE BARES



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1274/2022	11-07-2022	Convocatoria Mesa Local de Comercio
1275/2022	11-07-2022	Aprobación da liquidación do IVE do segundo trimestre de 2022 e o seu pagamento
1276/2022	11-07-2022	CM a Raquel Galavís Troncoso. Actividade de animación á lectura "O Principiño en Madagascar" Programa LER CONTA MOITO.
1277/2022	11-07-2022	CM a Paula Regueiro García. Actividade de animación á lectura "Que animalíño é?". Programa LER CONTA MOITO
1278/2022	12-07-2022	Alta de Oficio en Padrón fiscal da taxa de Rede de sumidoiros do concello de Cambre
1279/2022	12-07-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 106.594,68 euros
1280/2022	12-07-2022	Rectificación da resolución num. 833/2022 de data 09/05/2022 - Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 439,24 euros.
1281/2022	12-07-2022	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.V.G.P.
1282/2022	12-07-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a M.J.B.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1283/2022	12-07-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a J.I.L.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1284/2022	12-07-2022	Cambio na data da Mesa Local de Comercio
1285/2022	12-07-2022	Habilitación a JRGP, funcionario administrativo da Tesourería, para o acceso á banca electrónica para a consulta das contas do Concello e a carga e descarga de ficheiros
1286/2022	12-07-2022	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xuño de 2022 e de profesionais e alugueres do segundo trimestre de 2022 e o seu pagamento
1287/2022	12-07-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 46.636,53 €
1288/2022	13-07-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a Y.J.P. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1289/2022	13-07-2022	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a C.M.P.N. por importe de 250 euros
1290/2022	13-07-2022	Conceder a de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a E.S.B.M. por importe de 350 euros
1291/2022	13-07-2022	Conceder a axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro a C.A.R.L. por importe de 400 euros cada un o que supón un total de 800 euros
1292/2022	13-07-2022	Expediente sancionador por realización de obras de reforma de vivanda sita en Frais, 7, cecebre, José Cachón García.
1293/2022	13-07-2022	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a L.M.R.
1294/2022	13-07-2022	Expediente de transferencia de crédito núm. 5/2022. Becas de estudo 2022/2023
1295/2022	13-07-2022	Levantamento de reparos para os servizos de recreación histórica castrexa para a organización da V romaría galaico romana "Galaicoi"

1296/2022	13-07-2022	Levantamento de reparos para a adxudicación dos servizos de recreación histórica da vida militar romana para a organización da V romaría galaico romana "Galaicoi"
1297/2022	13-07-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 13 de xullo de 2022
1298/2022	13-07-2022	Convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2021/2022-Educación
1299/2022	13-07-2022	Celebración voda civil o 21 de xullo de 2022 ás 10 horas
1300/2022	14-07-2022	Conceder a licenza para obras de construción de ampliación de granxa de porcino de cebo en el lugar de Gosende, parroquia de Andeiro, expedientes antigos núm.: 01/30/76 - 04/01/76 - 09/76/04 - 2019/u004/58 - 2020/u004/22 - 2021/u004/000022. Solicitante: SPR
1301/2022	14-07-2022	Conceder a licenza para a instalación de terraza consistente en 15 mesas con 4 cadeiras cada unha durante o terceiro trimestre do ano 2022 na praza de Fernando Buesa na parte traseira da cervexaría nos siutada na rúa otero pedraio, parroquia do Temple, Cambre. Solicitante: AVB
1302/2022	14-07-2022	Servizos de recreación histórica da sociedade civil romana para a organización da V romaría galaico romana "Galaicoi"
1303/2022	14-07-2022	CM a AVV O Rumbo San Juan de Sardiñeiro-Fisterra; espectáculo "Charanga O Rumbo de Sardiñeiro". REDE CULTURAL
1304/2022	14-07-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1305/2022	14-07-2022	Celebración voda civil o día 6 de agosto de 2022 ás 12 horas

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa "Gestal y López, SL" para a execución da obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela. Faes I". Expediente: 2021/C003/000017

Sometido pola Presidencia a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

**APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE REDACTADO POLA EMPRESA "GESTAL Y LÓPEZ, SL" PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA ACCESIBILIDADE E SEGURIDADE PEONIL NO LUGAR DA PENA, CELA. FASE I". EXPEDIENTE: 2021/C003/000017**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de xullo de 2022 (CVD: wApTbYyNUa70swxgLvMk), relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa "Gestal y López, SL" para a execución da obra "Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela. Faes I". Expediente: 2021/C003/000017, que transcrita di:

**«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

“Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2021 polo que se aprobou o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado abreviado (art. 159.6 da LCSP) para a obra “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela. Faes I” (expediente: 2021/C003/000017).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2022 polo que se adxudicou a obra “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela. Fase I” á empresa “Gestal y López, S.L.”, aceptando a entidade adxudicataria a execución do contrato con data 5/04/2022 e número de rexistro 202299900001746.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra correspóndelle á entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.”, adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)” (exp. 2020/C004/000021), segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 22/03/2022.

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.”, ao que achega o seu informe favorable, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 11 de xullo de 2022 e número de rexistro 202299900003800.

Visto o informe favorable emitido con data 14 de xullo de 2022 pola arquitecta técnica municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como o disposto na cláusula 18.3 do prego de Cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria, “Gestal y López, SL,” e presentado por Don Francisco Jesús Cobas Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, designado pola entidade “Gallega de Coordinacións, S.L.”, para a execución da obra denominada “Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no lugar da Pena, Cela. Faes I”  
Exp. 2021/C003/000017.

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa “Gestal y López, SL,” e a Don Francisco Jesús Cobas Cobas Fernández, coordinador da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).



O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo á arquitecta técnica municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos. »

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de xullo de 2022 (CVD: wApTbYyNUa70swxgLvMk), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo